**PERÍFRASES VERBAIS.**

As perífrases verbais son complexos verbais formados por verbo AUXILIAR + verbo AUXILIADO. O verbo auxiliar indica modo, tempo, número, persoa. O verbo auxiliado está inmobilizado en infinitivo, xerundio ou particio.

- ✓ Entre eles pode aparecer un elemento de relación (preposición ou conxunción).
- ✓ Presentan unidade formal (funcionan como un único verbo).

| **TIPOS DE PERÍFRASES** | | | |
|---|---|---|---|
| **1.- TEMPORAIS** | Futuridade e inminencia | Ir<br>*Haber (de) Estar a / para<br>*Querer | + infinitivo |
| **2.- MODAIS** | Obrigación e hipótese | Haber<br>(de) Hai<br>que Ter<br>que Ter<br>de Deber<br>(de)<br>*Poder | + infinitivo |
| **3.- ASPECTUAIS** | | | |
| **3.1. Imperfectivas** | Acción non rematada. | Estar<br>Andar<br>Levar<br>Seguir<br>Ir<br>Vir | + xerundio<br>+ a + infinitivo[1] |
| **3.2. Perfectivas** | Acción rematada. | Acabar de<br>Rematar de<br>Deixar de<br>*Vir de | + infinitivo |
| | | *Dar<br>*Ter<br>Levar<br>*Haber | + participio |
| **3.3. Reiterativas** | Repetición da acción. | Volver<br>Ter | + infinitivo<br>+ participio |
| **3.4. Incoativas** | Comezo da acción. | Comezar a<br>Empezar a<br>Botarse a<br>Poñerse a<br>Dar en<br>Romper a | + infinitivo |
| **3.5. Terminativas** | Fin da acción. | Chegar a Vir<br>a Acabar por | + infinitivo |
| **4.- PASIVAS** | | Ser | + participio |

*As perífrases que presentan particularidades (están marcadas con asterisco) están na páxina seguinte.

1 A construción a+infinitivo equivale ás veces a un xerundio e denomínase **infinitivo xerundial**:

*Estamos a apañar mazás = Estamos apañando mazás.*

| PERÍFRASES VERBAIS | | | |
|---|---|---|---|
| **TIPOS** | **VALOR** | **PERÍFRASES CON PARTICULARIDADES** | |
| **TEMPORAIS** | Futuridade/ Inminencia | Haber+de+inf | Pretérito: houben caer.<br>Acción que estivo a piques de suceder pero que non sucedeu finalmente. |
| | | Querer+inf | Fenómenos meteorolóxicos.<br>Parece que quere chover. |
| **MODAIS** | Obrigación/Hipótese | Poder+inf | Só é perífrase cando indica probabilidade: Pode ter vinte anos = É probable que teña vinte anos. |
| **ASPECTUAIS** | | | |
| **- Imperfectivas** | Acción non rematada. | | |
| **- Perfectivas** | Acción rematada | Vir+de+inf | Infinitivo: ten que ser un verbo de movemento. Luís vén de correr a maratón (equivale a acaba de correr).<br>En caso contrario, a construción é incorrecta:<br>*Veñen de publica: Incorrecto. |
| | | Dar+partic | Capacidade de realizar a acción:<br>Non deu feito: Non foi capaz de facelo. |
| | | Ter+partic | Idea de reiteración.<br>Se non en valor reiterativo, só pode usarse con infinitivo, condicional ou futuro:<br>Ter, tería, terei + participio. |
| | | Haber+partic | Só pode usarse houbera/houbese + partic.<br>Debe equivaler ao plucumaperfecto de indicativo e ter valor de irrealidade.<br>P.e. Se ti houberas escoitado non pasaría iso = Se ti escoitaras non pasaría iso. |
| **- Reiterativas** | Repetición da acción | | |
| **- Incoativas** | Comezo da acción | | |
| **- Terminativas** | Fin da acción | | |
| **PASIVA** | | Ser+participio | |